



RESOLUCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DAS TITULACIÓNS PROPIAS DE SEGUNDO CICLO

A Lei de Reforma Universitaria establece no artigo 54.3.b) que é competencia das Comunidades Autónomas fixa-los prezos públicos correspondentes polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario. Asemade, corresponde ó Consello Social das diferentes universidades o establece-los prezos públicos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial.

A Universidade de Santiago de Compostela ven de aproba-los títulos propios de segundo ciclo : **GRADUADO SUPERIOR EN XERONTOLOXÍA** e **GRADUADO SUPERIOR EN ENXEÑERÍA AMBIENTAL** que se implantarán no curso 2000.2001. Na reunión celebrada o 26 de xullo o Consello Social, logo da proposta da Xunta de Goberno, acordou aproba-los prezos de matrícula destas dúas titulacions propias. Polo que ó abeiro deste Acordo este rectorado

RESOLVE

PRIMEIRO: Os prezos públicos dos créditos matriculados polos alumnos na titulación de **GRADUADO SUPERIOR EN ENXEÑERÍA AMBIENTAL** serán equivalentes ó calculo que establece o plano de financiamento para as titulacions con este mesmo grao de experimentalidade e descontando a subvención recibida da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

Para a titulación de **GRADUADO SUPERIOR EN XERONTOLOXÍA** establécese un prezo equivalente sen ningún tipo de desconto ó non haber subención.

SEGUNDO.- Os prezos públicos por cada crédito matriculado que deberá aboa-lo alumno está constituído polo prezo de matrícula de cada crédito que será igual ó prezo que establece o Decreto de Prezos Públicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para cada curso académico para as titulacions experimentais en primeira e segunda matrícula mailo prezo que por servizos docentes corresponde a cada crédito.

TERCEIRO.- O prezo de cada crédito que matricule o alumno nestas titulacions para o curso 2000/2001 será o que segue:

Graduado Superior en Enxeñería Ambiental

- a) Prezo da matrícula por cada crédito 1.593 ptas.
- b) Prezo dos servizos docentes por cada crédito 4.740 ptas-
- c) Prezo total do crédito nesta titulación 6330 ptas.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Graduado Superior en Xerontoloxía

- d) Prezo da matrícula por crédito 1.593 ptas.
- e) Prezo dos servizos docentes por crédito 4.468 ptas-
- f) Prezo total do crédito nesta titulación 6061 ptas.

Polo tanto o importe da matrícula será o que corresponda ó número de créditos matriculados polo importe de cada crédito, segundo cada titulación.

CUARTO.- Tanto o importe da matrícula como o dos servizos docentes das titulacións propias deberán aboarse mediante domiciliación bancaria. O pagamento poderá realizarse ó contado ou en tres prazos que se devengarán nos seguintes períodos:

- A) No momento de matricularse, durante o mes de outubro, aboarase o 40 % do importe dos prezos da matrícula e dos servizos docentes de cada titulación.
- B) Durante o mes de decembro devengarase o 30 % do importe dos prezos da matrícula e dos servizos docentes de cada titulación.
- C) Na primeira quincena de marzo devengarase o 30 % restante.

QUINTO.- Establecese para cada titulación o seguinte custo:

- a) Graduado Superior en Enxeñería Ambiental 6.330×150 créditos = 949 500 ptas.
- b) -Graduado Superior en Xerontoloxía 6.061×132 créditos = 800 052 ptas.

SEXTO.- Os prezos públicos polos servizos de Secretaría: tarxeta de identidade, apertura de expediente, compulsas de documentos, certificacións e validacións de estudo, serán iguais que os que establece o Decreto de prezos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso 2000/2001 por estes mesmos conceptos.

SEPTIMO.- No caso da titulación de Graduado Superior de Enxeñería Ambiental os créditos que teñan que realizar os alumnos como complementos de formación non devengarán servizos docentes sendo o seu prezo o mesmo que establece o Decreto de da Xunta de Galicia para as titulacións oficiais e con validez en todo o territorio nacional e que figura na alínea a) do artigo terceiro desta resolución.

OITAVO.- Asemade deberá aboarse o prezo de 1000 ptas. En concepto de material de matrícula (sobre) e mailo correspondente ó seguro de accidente. Universitario, obrigatorio para estes alumnos, que a estes efectos contrata Universidade, sendo o seu importe de 1.750 ptas.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA- Estes prezos aumentaranse na mesma proporción que para cada curso académico estableza o Decreto da Xunta de Galicia para as titulacións oficiais

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Para calquera outro prezo que deba aboa-lo alumno e non estea aprobado polo Consello Social aplicarase a tarifa de prezos públicos por servizos académicos que establece o Decreto da Xunta de Galicia para cada curso académico.

Santiago de Compostela 8 de setembro de 2000-

O Rector

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral da Universidade, Srs. Directores das Titulacións de Enxeñería Ambiental e Xerontoloxía, Sra. Xerenta, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr. Xefe do Servizo de Contabilidade e Presupostos, Sra. Xefa do Servizo de Control Interno, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Económica, Srs. Xefes das Unidades de Xestión Académica, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE.